

CONCURSO DE DEBUXO

NUNCA MÁIS

20 ANOS DE MEMORIA E DIGNIDADE



O trece de novembro do ano 2002, o petroleiro Prestige afundía diante das costas de Galiza provocando a vertedura de máis de 30.000 toneladas de fuel. Milleiros de animais morreron e milleiros de persoas sufriron unha importante crise económica. A nosa costa quedou danada e manchada de chapapote sen remedio.

Os ecologistas e moitos profesionais do mundo do mar viñan avisando desde moito tempo atrás de que os barcos que transportaban materiais altamente contaminantes polas nosas costas non reunían as condicións mínimas de seguridade e que este tipo de catástrofe podía chegar a acontecer. As administracións públicas nunca prestaron a atención ás súas demandas e, cando chegou a traxedia, tampouco estaban preparadas para tentar minimizar as súas consecuencias.

Mulleres, homes, rapaces e rapazas de todo o país decidiron que, se o goberno non poñía recursos... elas mesmas saírían limpar as nosas praias, coas súas propias mans e poñendo en risco a súa saúde. A nosa sociedade organizouse nun movemento que se chamou "NUNCA MÁIS". O seu obxectivo era denunciar o acontecido e estixir garantías de que un atentado ecolóxico desta magnitude non volvería acontecer. Máis de 200.000 persoas chegaron a manifestarse naquel frío inverno nas rúas de Santiago de Compostela.

Para que ese berro de NUNCA MÁIS non se esqueza, para que teñamos memoria da traxedia e da dignidade coa que a cidadanía se entendeu á catástrofe, organizamos este concurso de debuxo.

Non hai máis regras que, nunha páxina en branco, debuxar e reflectir o acontecido.

Os traballos participantes poden enviarse até o venres 18 de novembro ao e-mail asangrinhna.edlg@gmail.com (o premio simbólico será unha camisola de NUNCA MÁIS).

